

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSO 2020/ 2021



5º Educación Primaria

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN

1. MARCO LEGAL
2. CONTEXTO
3. PREVISIÓN DO DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN NOS ESCENARIOS DE ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL, SEMIPRESENCIALE/OU NON PRESENCIAL, INCIDINDO NOS SEGUINTEASPECTOS.
4. CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO
5. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE
6. OBXECTIVOS
7. COMPETENCIAS CLAVE
8. CONTIDOS
9. ELEMENTOS TRANSVERSAIS
10. PROGRAMAS EDUCATIVOS
 - Plan de Igualdade
 - Plan TIC
 - Proxecto Lector
 - Proxecto Lingüístico
 - Plan de Convivencia
11. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES
12. METODOLOXÍA
 - Principios metodolóxicos
 - Actividades de ensino e aprendizaxe
 - Medios e recursos didácticos
 - Organización dos espazos
13. AVALIACIÓN
 - Avaliación dos procesos de aprendizaxe
 - Avaliación da práctica docente e da Programación Didáctica
14. OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES E COMPETENCIAS CLAVE
15. PLAN DE REFORZO

INTRODUCCIÓN

A etapa da Educación Primaria constitúe un marco formativo clave para o alumnado. Nesta etapa prodúcese a transición do pensamento prelórico ao de construción e asentamento o pensamento lórico-concreto. Iso implica unhas formas de razoamento caracterizadas pola flexibilidade, polos progresos significativos na capacidade de análise e síntesis (de datos concretos), o interese por ampliar coñecementos e o significativo aumento da capacidade de retención de datos.

Neste período, expanden as redes interpersoais e progresivamente aumenta a importancia da relación cos iguais.

As competencias básicas serán un referente esencial na etapa a efectos de programación, avaliación, promoción e coordinación coa Etapa de Secundaria Obrigatoria.

Nesta etapa poñerase especial énfasis na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto se detecten dificultades.

Ademais haberá un **PLAN DE REFORZO**, para garantir as posibles dificultades nos procesos de aprendizaxe do alumnado, provocados pola ensinanza a distancia forzada ante un posible confinamento polo COVID-19.

1. MARCO LEGAL

A presente programación didáctica apoiase e fundaméntase no actual marco lexislativo que rexe o noso sistema educativo, é dicir, na Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE), que modifica e complementa a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (en diante LOE). A LOMCE entrou en vigor na totalidade dos niveis educativos desta etapa, polo que, o presente curso 2020/2021, ao que vai dirixida esta programación tomaremos como referente esta lei, e a súa correspondente normativa curricular, isto é, o Real Decreto 126/2014, do 28 de febreiro, polo que se establece o currículo básico da educación primaria, que

CEIP PLURILINGÜE A. RODRÍGUEZ CADARSO
CURSO 2020-2021

asegura unha formación común e con carácter oficial para todo o territorio nacional. Este último concrétase e adaptaciónse á realidade Galega a través do Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na comunidade autónoma de Galicia, que será o noso eixe vertebrador, por ser o decreto de currículo vixente na nosa comunidade.

2- CONTEXTO

A programación didáctica que aquí se presenta vai dirixida ao alumnado 24 alumnos/as de 5º

Curso de Educación Primaria do CEIP Plurilingüe A. Rodríguez Cadarso de Noia.

Esta programación vai dirixida ao alumnado do 5ºA e 5º B curso de educación primaria do CEIP Plurilingüe Alexandre Rodríguez Cadarso.

A finalidade desta programación é planificar a miña labor docente. Terá un carácter aberto e flexible, para adaptarse á diversidade de ritmos e estilos de aprendizaxe, intereses e motivacións, en suma, á realidade individual de cada alumno/a, dando resposta ás necesidades que presenten en cada momento.

O alumnado procede tanto do núcleo urbano como das zonas limítrofes. Polo xeral as familias posúen un nivel económico medio ou medio baixo. No ámbito lingüístico, a lingua maioritariamente empregada é o galego. Non obstante, farase un tratamento análogo das dúas linguas oficiais da nosa comunidade, atendendo ao establecido no Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.

O profesorado que imparte docencia a 5º :

5º A

- Molinos Gándara, Francisca N. (Titora).
- Lobagueira Martínez, María Enriqueta (Lingua estranxeira: Inglés).

- García Nieto, Santiago (Educación Musical e Galego).
- Collazo Lorenzo, Mónica (Educación Física e Valores).

- Rey Pazos, Ana (Lingua Castelá)
- Lata Blanco, Alberto (Sociais)

CEIP PLURILINGÜE A. RODRÍGUEZ CADARSO
CURSO 2020-2021

- Santamaría Alonso, Rubén (Naturais)
- Villaverde Pais, María José (Relixión Católica).
- González Miguéns, Roberto (Pedagogía Terapéutica).
- Martínez Rodríguez, María del Pilar (Orientadora).

5º B

- Molinos Gándara, Francisca N. (Titora).
- Lobagueira Martínez, María Enriqueta (Lingua estranxeira: Inglés)
- García Nieto, Santiago.(Educación Musical).
- Collazo Lorenzo, Mónica (Educación Física e Valores).
- Ávila Ribadas, Juan Carlos(Lingua Castelá)
- Caramés Hermo, Agustina (Lingua Galega)
- Lata Blanco, Alberto (Sociais)
- Santamaría Alonso, Rubén (Naturais)
- Villaverde Pais, María José (Relixión Católica).
- González Miguéns, Roberto (Pedagogía Terapéutica).
- Martínez Rodríguez, María del Pilar (Orientadora).

O ensino impártese en réxime de xornada continua, sendo o horario lectivo do centro de 9:30 a 14:30 (con descanso de 12:15 a 12:45). Co fin de favorecer o desenvolvemento escolar, o horario non lectivo de obrigada permanencia no centro dedicarase, entre outros, a:

- Informes de dirección: Cada martes reuniremonos todo o profesorado e Equipo Directivo, para repasar as incidencias que tiveron lugar tanto no marco da aula como fóra da mesma, e sobre todo valórase se as medidas que o centro adoptou para evitar o contaxio do virus SARCO, están funcionando, e como se está vivindo esta situación a nivel aula e recreos. Isto facilitará a toma de decisións conxunta na resolución de determinadas situacións, favorecendo a implicación do conxunto do profesorado no funcionamento do centro.

- As demais reunións de carácter ordinario (Equipos docentes, de dinamización, departamentos, ...) terán carácter mensual, destinando os martes de 16:45 a 18:15 ao desenvolvemento das mesmas. Podendo realizarse fóra deste horario con carácter extraordinario.

CEIP PLURILINGÜE A. RODRÍGUEZ CADARSO
CURSO 2020-2021

- Todos os martes, de 18:15 a 19:15, destinaranse á atención aos pais, nais ou persoas que exerzan a tutoría legal, co fin de informalos regularmente sobre o proceso educativo dos seus fillos e fillas.

No que respecta á infraestrutura e distribución dos espazos, o centro cumpre o establecido no Real decreto 132/2010, do 12 de febreiro, polo que se establecen os requisitos mínimos dos centros que impartan as ensinanzas do segundo ciclo da educación infantil, a educación primaria e a educación secundaria.

3. PREVISIÓN DO DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN NOS ESCENARIOS DE ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL.

Se se dera o caso dun novo confinamento como o curso pasado, tendo en conta que 5º curso segue o programa EDIXGAL, continuaremos coa programación a través de internet utilizando os contidos que nos ofrece a plataforma e na cal se desenvolven os alumnos/as sen dificultade. Teremos en conta que o ritmo de traballo non pode ser o mesmo, e haberá que contar coa problemática que implica a non educación non presencial.

4. CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO

O alumnado do 5º curso de Educación Primaria é o punto de partida e referente para a elaboración da presente programación. O alumnado, debido a situación do COVID-19, distribuíuse en dous grupos, de 12, coa mesma titora.

Para lograr que adquiran aprendizaxes significativas, debo coñecer o seu nivel de desenvolvemento.

Segundo Piaget, respecto ao desenvolvemento cognitivo, atópanse no período das operacións concretas, que se estende ao longo desta etapa (entre os 7 e 11 anos). Entre os 10 e 11 consolídanse as operacións lóxico – concretas. O seu pensamento é agora máis sistemático, ordenado e flexible e conseguen desenrolar a capacidade de síntese e abstracción. No tocante ao desenvolvemento motriz, este vaise consolidando e os cambios hormonais, froito da adolescencia, aceléranse nas nenas, mentres que nos nenos aparecerán máis tarde. Estes cambios poden crear inseguridades, desequilibrios, falta de aceptación... Finalmente, no que atinxe ao desenvolvemento afectivo e social, os compañeiros/as convértense nos protagonistas das súas vidas e os pais/nais e profesorado son xulgados criticamente. O traballo en grupo e cooperativo segue a mellorar, os grupos pasan a ser mixtos e aparecen intereses sexuais. Neste momento, desenvólvese o aspecto moral (importante para a socialización), interiorizan valores e ven a necesidade de xustiza, igualdade e dereitos.

5. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A LOMCE establece a atención á diversidade como un dos principios fundamentais do ensino básico, entendendo como o “conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características, necesidades, ritmos, estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situación sociais e culturais de todo o alumnado”. Así se define no artigo 3 do Decreto 229/ 2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, que será o noso referente. O alumnado presentan unhas características, necesidades, intereses, motivacións, ritmos e estilos de aprendizaxe particulares, sobre todo porque veñen de estar o curso pasado no confinamento e polo tanto non adquiriron as aprendizaxes de 4º curso na súa totalidade.

Para atender ás necesidades e diversidade destes alumnos adoptaranse medidas ordinarias como:

- Ter en conta eses contidos que quedaron pendentes do curso pasado e empezar o curso seguindo as directrices fixadas polos titores ao finalizar o curso pasado.
- A adaptación dos tempos, instrumentos e procedementos de avaliación.
- O uso de metodoloxías motivadoras, adaptadas a situación de distanciamento social que temos que respectar polo protocolo COVID.
- O reforzo educativo naqueles casos de retraso máis significativo

Atendendo a todas as necesidades presentes na aula, esta programación será o máis flexible posible, en busca da individualización do ensino. Así, deseñarei actividades de reforzo, para o alumnado que presente dificultades para acadar os obxectivos formulados atendendo ao disposto na Orde do 6 de outubro de 1995, pola que se regulan as adaptacións do currículo nas ensinanzas de réxime xeral. Así mesmo, empregarei unha metodoloxía que se adapte aos diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, realizando actividades diversificadas, tanto individuais como en grupo, e establecendo unha estreita relación co Departamento de Orientación. As estratexias de intervención terán carácter preventivo, establecendo medidas antes de que se produzan dificultades e compensador, actuando para minimizalas.

6. OBXECTIVOS

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.
- e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.
- f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.
- h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, ciencias sociais, xeografía, historia e cultura, con especial atención aos relacionados con Galicia.
- i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das TIC, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
- j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.

k) Valorar a hixiene e a saúde, este curso sobre todo respectar as normas establecidas no protocolo COVID-19.

Aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.

m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.

n) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

7. COMPETENCIAS CLAVE

Para lograr o desenvolvemento persoal do alumnado e a súa cidadanía activa e inclusión social, é preciso que adquira unha serie de competencias. Neste sentido, a LOMCE, pon o aceno na adquisición das competencias clave, definíndoas, ao modificar o artigo 6 da LOE, como “as capacidades para aplicar de forma integrada os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización axeitada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos”. Ao longo do curso, dende as distintas áreas, contribuiremos ao desenvolvemento das sete competencias recollidas no artigo 5 do Decreto 105/2014, do 4 de setembro, estas son:

1. A competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía. Por unha banda, a competencia matemática implica a capacidade para aplicar o razoamento matemático co fin de resolver problemas en situacións cotiáns. Traballárase ao empregar modos matemáticos de pensamento (pensamento lóxico e espacial) e representación (fórmulas, modelos, construcións, gráficos e diagramas): ao representar o espazo, elaborar e ler planos e mapas, escalas, liñas do

CEIP PLURILINGÜE A. RODRÍGUEZ CADARSO
CURSO 2020-2021

tempo ou cronogramas, a través da recollida de datos, a súa representación en gráficas ou táboas, interpretación e comparación... Por outro lado, a competencia en ciencia e tecnoloxía permite un achegamento ao mundo físico e á interacción responsable, dende accións orientadas á conservación do medio. Traballarase mediante pequenas investigacións e experiencias, ao aplicar as fases do método científico, ao realizar experimentos no laboratorio, ao analizar as consecuencias da intervención no medio...

2. As competencias sociais e cívicas recollen as formas de comportamento que preparan para exercer a cidadanía democrática e participar plenamente na vida social e cívica dunha sociedade, cada vez máis diversificada; logrando a resolución pacífica de conflitos. Na aula, favorecerase a educación en valores e actitudes positivas cara todas as persoas independentemente da súa raza, cor, sexo ou situación persoal. En especial o respecto da diversidade e estableceremos normas de convivencia.

3. A competencia en comunicación lingüística é a habilidade para expresar e interpretar conceptos, pensamentos, sentimentos e opinións de forma oral e escrita; e para interactuar lingüisticamente de forma axeitada e creativa en distintos contextos. O alumnado deberá ler e comprender textos de diversa tipoloxía e carácter, expresar as súas propias vivencias e comportamentos, establecer vínculos e dialogar ca contorna, formar un xuízo crítico e ético, xerar ideas, estruturar o coñecemento e dar coherencia e cohesión ao discurso, enriquecendo o vocabulario.

4. A competencia dixital é a capacidade para facer un uso creativo, crítico e seguro das TIC para o traballo, o ocio e a comunicación. Desenvolveran esta competencia ao empregar o ordenador para obter, avaliar, almacenar, producir, presentar e intercambiar información, sendo capaces de transformala en coñecemento. E ao comunicarse e participar en redes de colaboración a través de internet (blog de aula, webquest...). O dominio das TICS facilitará a aprendizaxe en caso de confinamento.

5. A competencia para aprender a aprender refírese á habilidade para iniciar e persistir na aprendizaxe, organizándose e xestionando o tempo e a información eficazmente. Deben ser conscientes do propio proceso de aprendizaxe, das súas necesidades e das oportunidades dispoñibles, e ser capaces de superar obstáculos acadando a aprendizaxe con éxito. Para isto a motivación e a confianza son cruciais.

6. O sentido da iniciativa e espírito emprendedor é a habilidade para transformar ideas en actos, é dicir, ser consciente da situación a resolver e escoller, planificar e xestionar os contidos necesarios co fin de acadar o obxectivo previsto. Está relacionada coa creatividade, a innovación e a asunción

CEIP PLURILINGÜE A. RODRÍGUEZ CADARSO

CURSO 2020-2021

de riscos. Traballarase a través da realización de pequenas investigacións e proxectos, nos que o alumnado deberá desenvolver a autonomía e independencia, autocoñecemento e autoestima, creatividade e imaxinación, interese e esforzo e espírito emprendedor.

7. Por último, contribuiremos á adquisición da conciencia e expresións culturais, que implica coñecer, comprender, apreciar e valorar (cunha actitude crítica, aberta e respectuosa) as diferentes manifestacións culturais e artísticas, como fonte de enriquecemento e goce persoal, e como parte da riqueza e patrimonio. O alumnado expresarase de forma creativa, empregando distintos medios artísticos. E achegarase ao pasado grazas aos elementos do patrimonio histórico e cultural, comprendendo a importancia da súa conservación.

8. CONTIDOS

Os contidos son, seguindo o artigo 4 do Decreto 105/2014, do 4 de setembro, un “conxunto de coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que contribúen ao logro dos obxectivos de cada ensinanza e etapa educativa, e á adquisición de competencias”. Son un conxunto de saberes (conceptos, procedementos e actitudes) considerados esenciais e entorno aos cales se organizan as aprendizaxes. Ao longo do curso académico abordaremos os contidos establecidos para este nivel dende as distintas áreas, nos anexos I, II e III do Decreto 105/2014, do 4 de setembro, referidos ás disciplinas troncais (Ciencias da Natureza, Ciencias Sociais, Matemáticas, Lingua Castelán e Literatura), as disciplinas específicas (Educación Artística: Plástica e Valores Sociais e Cívicos) e as disciplinas de libre configuración autonómica (Lingua Galega e Literatura), respectivamente.

9. ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Ademais dos contidos propios de cada área, existen unha serie de contidos, esencialmente actitudinais, que traballaremos dende as distintas disciplinas do currículo, para contribuír ao desenvolvemento integral do alumnado. Estamos a referirnos aos elementos transversais, recollidos no artigo 11 do Decreto 105/2014, do 4 de setembro. No mesmo sinalase que, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as TIC, o emprendemento e a educación cívica e constitucional traballaranse en todas as disciplinas. Así mesmo, fai referencia a unha serie valores que terei en conta no traballo diario co alumnado, os cales agrupamos, a grandes trazos, nos seguintes:

CEIP PLURILINGÜE A. RODRÍGUEZ CADARSO
CURSO 2020-2021

- A igualdade efectiva entre homes e mulleres, posto que na aula todos terán as mesmas oportunidades e dereitos, sen distinción de xénero, erradicando expresións ou accións que denoten discriminación.
- A igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal, como discapacidade e orientación sexual ou identidade de xénero. Fomentando especialmente o respecto pola diversidade cultural.
- A prevención de calquera forma de violencia, como a de xénero e terrorista, o racismo e a xenofobia.
- A prevención e resolución pacífica de conflitos, valorando a linguaxe oral e escrita como medio para relacionarse cos demais e chegar a acordos, aplicando as regras que rexen o intercambio comunicativo e respectando as opinións alleas. Impulsaremos os valores que apoian a liberdade, xustiza, igualdade, pluralismo político, paz, democracia e respecto dos dereitos humanos.
- O desenvolvemento sostible e medio ambiente, ademais de ser un contido, traballarase de forma xeral, ao aplicar a lei das tres “r” e ao tratar os problemas ambientais e achegar posibles solucións que axuden á mellora da contorna.
- As prevencións de situacións de risco derivadas do uso das TIC, ao facer un uso crítico, creativo e seguro delas, a través de páxinas previamente avaliadas.
- A educación e seguridade viaria, tratando condutas e hábitos viarios correctos.
- O desenvolvemento do espírito emprendedor cobra especial mención na LOMCE. Polo que potenciarei o sentido da iniciativa, impulsando a creatividade, autonomía, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- Á promoción de estilos de vida saudables, á que fai referencia o artigo 20 do Decreto 105/2014, do 4 de setembro, para unha vida activa, saudable e autónoma.

10. PROGRAMAS EDUCATIVOS.

A través do traballo diario na aula contribuirei ao desenvolvemento dos programas educativos establecidos a nivel de centro.

Plan de Igualdade

CEIP PLURILINGÜE A. RODRÍGUEZ CADARSO

CURSO 2020-2021

Este Plan desenvolveuse o curso pasado. Debido ao confinamento non chegou a ser presentado ao Consello Escolar, polo que se fará este curso.

Plan TIC

Contribuiremos a desenvolver o plan TIC do centro mediante o uso das novas tecnoloxías na aula como un valioso medio didáctico, e preparando ao alumnado para poder manter unha formación a distancia en caso de confinamento. Cabe destacar que nos atopamos nunha aula ABALAR, dentro do Proxecto E-Dixgal, polo que a metodoloxía está orientada á introdución dos ordenadores da aula, sendo este o soporte das diferentes áreas. Dentro da aula, contamos cun ultraportátil para cada alumno/a, isto é, un equipo de tipo tablet PC e táctil, que cumpre funcións de ordenador portátil e lector de documentos electrónicos. Así mesmo, contamos cun ordenador portátil, para o uso dos docentes, e cunha Pizarra Dixital Interactiva, que nos permitirán acceder a recursos dixitais e multimedia motivadores (imaxes, vídeos, gráficos, animacións, simulacións...). Así mesmo, desenvolveremos as iniciativas propostas polo Equipo TIC.

Proxecto lector

Impulsaremos as actuacións recollidas no proxecto lector de centro, regulado polo artigo 18 do Decreto 105/2014, do 4 de setembro. Na aula, practicaremos diversos tipos de lectura (lectura pasiva, silenciosa, en voz alta, dramatizada...) e con diversas finalidades; traballaranse estratexias de comprensión de textos de distintas tipoloxías; realizaremos actividades de animación á lectura ou presentación de libros; celebraremos conmemoracións como *o día do libro, a semana das letras galegas, semana da prensa...* Acudiremos á biblioteca de centro, respectando o aforo permitido para a situación actual, onde realizaremos actuacións encamiñadas ao fomento da lectura, a escritura e as habilidades no uso, tratamento e produción de información. Participaremos no Proxecto da biblioteca proposto polo Equipo de biblioteca que se leva a cabo dende a mesma cada ano (por contar co PLAMBE) e que o presente curso xirará entorno ao CAMIÑO DE SANTIAGO . A través destas iniciativas contribuímos ao fomento da lectura con distintas finalidades; para informarse, para aprender ou por pracer. Deste xeito emendaremos as desigualdades no acceso á lectura, información e outros recursos para a aprendizaxe, permitindo que todos teñan acceso ós mesmos.

Proxecto lingüístico de centro

CEIP PLURILINGÜE A. RODRÍGUEZ CADARSO
CURSO 2020-2021

Ademais, potenciaremos o proxecto lingüístico de centro ao que fai referencia o Decreto 79/2010, do 20 de maio, no seu artigo 14, facendo un tratamento análogo das dúas linguas cooficiais e levando a cabo accións para a promoción do uso desta lingua, participando nas diversas iniciativas propostas dende o Equipo de dinamización da lingua galega . Este curso farase dentro da aula para evitar xuntar a distintos niveis debido a situación actual de pandemia.

Plan de convivencia

Tamén promoveremos o plan de convivencia, garantindo o exercicio dos dereitos e liberdades dentro dos principios democráticos de convivencia, e a prevención e resolución pacífica de conflitos; tal como se recolle no Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar. Elaboraremos unhas normas de aula que axuden a mellorar o traballo en equipos cooperativos e realizaremos asembleas cooperativas cada semana co fin de estimular as relacións positivas e interacción do alumnado cun obxectivo común. Así mesmo, organizaranse Obradoiros de coeducación e Obradoiros de educación emocional e resolución pacífica de conflitos, impartidos pola Educadora Familiar e coordinados polo Departamento de Orientación.

11. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

Este curso, debido a pandemia, non podemos realizar actividades que impliquen a relación entre niveis.

12. METODOLOXÍA

Principios metodolóxicos

Os principios metodolóxicos que guiarán a miña intervención educativa apóianse no modelo construtivista de ensino e aprendizaxe, en busca da construción activa de aprendizaxes significativas por parte do alumnado. Para isto, partirei do seu nivel de desenvolvemento psicoevolutivo (Piaget) e, dende aí, avanzarei na súa Zona de Desenvolvemento Próximo (ZDP) que, segundo Vygotsky, é a distancia existente entre o que o alumnado pode coñecer por si só, e o que pode chegar a aprender grazas á nosa mediación externa. Tendo presente que cada alumno/a é diferente ao resto e presenta un ritmo e estilo de aprendizaxe propios, polo que será imprescindible

a individualización do ensino. Así, como establece a LOMCE, ao modificar o artigo 19 da LOE, poñerase especial énfase na atención á diversidade, na atención individualizada, na prevención de dificultades de aprendizaxe e na posta en marcha de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten esas dificultades. Para o que deseñaremos actividades de reforzo e de ampliación. En todo momento partiremos dos coñecementos e ideas previas do alumnado, das súas experiencias e vivencias propias, pois, como afirmaba Ausubel, si os novos contidos se relacionan de forma substantiva e non arbitraria co que o alumnado xa sabe, este asimiláralos na súa estrutura cognitiva, logrando unha aprendizaxe significativa, duradeira e sólida que poderá empregar en situacións reais, é dicir, será funcional. Estructurar o coñecemento formando un todo relacionado implica ademais, partir dun enfoque global e interdisciplinar, relacionando os contidos das distintas áreas, para o que será imprescindible a coordinación docente. Potenciaremos en todo momento a autonomía do alumnado, para que sexa capaz de elaborar as súas propias estratexias de aprendizaxe, en suma, para que “aprenda a aprender” (Cesar Coll). Por tanto, será o protagonista da súa aprendizaxe e terá un papel activo que o leve a “aprender facendo”. Para lograr isto, promoverase tanto o traballo individual como de equipo, que posibilite a resolución conxunta das tarefas e favoreza a inclusión do alumnado, potenciando a comunicación interpersoal, é dicir, a socialización. Xogará un papel fundamental a aprendizaxe cooperativa mediante tarefas (como asembleas cooperativas ou grupos de investigación) nas que é imprescindible a cooperación dos distintos membros para acadar unha finalidade común, favorecendo o intercambio e o enriquecemento mutuo. Para lograr estas intencións, desenvolveremos propostas integradas, activas, contextualizadas, que promovan a curiosidade e motivación por aprender e supoña un proceso de investigación e acción, que garanta a participación activa, a experimentación e a funcionalidade das aprendizaxes e que lle permita organizar o pensamento e facilite a reflexión crítica e autorregulación das aprendizaxes.

Actividades de ensino e aprendizaxe

Ao longo das unidades didácticas realizaremos distintos tipos de actividades que nos permitirán levar á práctica os principios metodolóxicos e propostas didácticas mencionadas. Introducirémonos en cada unidade a través de actividades de iniciación, coas que se pretende motivar ao alumnado e despertar a súa interese polo obxecto de aprendizaxe. Dende aquí, pasaremos ás actividades de exploración dos coñecementos e ideas previas pois, como afirmaban Ausubel, Novak e Hanesian (1983), o factor máis importante que inflúe na aprendizaxe é o que o alumno/a xa sabe, indáguese isto e ensínese en consecuencia. A continuación coas actividades de reestruturación de coñecementos introduciremos problemas auténticos que creen conflito cognitivo no alumnado (que o mova a aprender); para despois pasar á introdución de novas ideas, máis explicativas, que o leve a integrar ou reemprazar as ideas alternativas que posuía, dando lugar a un cambio conceptual.

Finalmente, as actividades de aplicación das novas aprendizaxes, permitirán comprobar os coñecementos adquiridos facendo uso dos mesmo noutros contextos.

Medios e recursos didácticos

Ante todo, pretendemos que esta sexa unha programación realista, posible e realizable, adecuada ós recursos, dos que dispoñemos. No que respecta os recursos materiais, contaremos con material bibliográfico impreso (libros de lectura e consulta, xornais, revistas...); material de execución, destinado a producir algo (,papel, cores...); e material realista, específico da área (mapas, globos terráqueos, compás, anemómetro, termómetro, regletas, ábaco...). Neste punto, non debemos esquecer das saídas (a institucións, parques naturais, elementos do patrimonio...) Mención especial cobran os recursos TIC (internet, ordenador, pizarra dixital, cámara dixital...). No que atinxe aos recursos humanos, debemos contemplar a todas as persoas implicadas no proceso educativo e que poidan intervir na actividade da nosa aula ao longo do curso . É fundamental aproveitar dos recursos da contorna, considerando as diferenzas interculturais como un aspecto enriquecedor que ofrece grandes oportunidades de aprendizaxes.

Organización dos espazos

A aula organizarase de forma que se mateña o distanciamento social, e o alumnado e fronte ao encerado.

13. AVALIACIÓN

A avaliación consiste nun proceso de recollida de información a partir da cal poder tomar decisións, reflexionar, planificar e reaxustar a práctica educativa, para lograr a mellora da aprendizaxe do alumnado. Para a avaliación tomaremos como referente o Decreto 105/2014, do 4 de setembro (artigos 12, 13 e 14) e a Orde do 9 de xuño de 2016, pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. Esta terá como finalidades tanto a valoración dos procesos e dos resultados de aprendizaxe do alumnado, como o exercicio da práctica docente.

Avaliación dos procesos de ensino e aprendizaxe

Consonte o establecido na devandita orde, a avaliación do alumnado será continua e global e terá en conta o seu progreso no conxunto das áreas e na adquisición das competencias clave. Por un lado,

CEIP PLURILINGÜE A. RODRÍGUEZ CADARSO
CURSO 2020-2021

prestaremos atención a todos os elementos curriculares e aspectos do desenvolvemento do alumnado. Por outro lado, estará integrada no proceso de ensino e aprendizaxe, proporcionándome información sobre o progreso de cada alumno/a, podendo, cando este non sexa o axeitado, adoptar as medidas de reforzo educativo necesarias, co fin de garantir a adquisición das competencias imprescindibles. Ademais, a avaliación terá carácter flexible, para adaptarse ao contexto e ao alumnado, e estableceréi as medidas axeitadas para que as condición de realización das avaliacións se adapten ás necesidades do ANEAE.

Tipos de avaliación. Técnicas e instrumentos.

A avaliación levarase a cabo en tres momentos do proceso de ensino e aprendizaxe, con distintas finalidades. Ao comezo do curso e de cada unidade didáctica, realizaremos unha avaliación inicial e diagnóstica para coñecer, respectivamente, as características de cada alumno/a e os seus coñecementos previos, e así adaptar o proceso de ensino ás súas motivacións, intereses, necesidades, estilos e ritmos de aprendizaxe e o seu nivel de coñecementos. Mediante técnicas e instrumentos como os cuestionarios, a análise de debuxos ou choivas de ideas. Así coñecerei os coñecementos previos (e concepcións erradas). Ao longo do proceso educativo levarei a cabo unha avaliación continua e formativa, que me aportará información sobre os avances e as dificultades que o alumnado presente, para así poder reaxustalo co fin de que responda ás súas características e necesidades. Para o que se deseñarán actividades de reforzo e ampliación. A principal técnica que empregarei será a observación do alumnado, do seu traballo, participación e implicación nas actividades cotiás e da evolución da súa aprendizaxe; rexistrando os datos obtidos no diario de aula ou rexistro anecdótico. Así mesmo, levaremos a cabo unha revisión sistemática das producións, individuais e de grupo, do alumnado; para comprobar o seu nivel de execución e de comprensión. Por último, ao rematar cada unidade didáctica, realizarei unha avaliación final e sumativa, para comprobar o grado de adquisición das competencias e os obxectivos formulados, de cara a tomar decisións para a mellora. Para isto, empregaremos probas escritas que reflicten a comprensión conceptual do alumnado. Atendendo a isto, os criterios de cualificación que terei en conta para avaliar a aprendizaxe do alumnado serán: o traballo diario na aula (30%), as probas escritas e orais (60%) e a actitude e participación na aula (10%).

Se nos vemos na obriga de avaliar en confinamento, teremos en conta o rexistro anterior, a participación no traballo que se pida e aposibilidades de probas telemáticas.

Criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe avaliáveis.

De acordo co Decreto 105/2014, do 4 de setembro (artigo 12), os referentes que empregarei para a valoración do grado de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da etapa serán os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliáveis establecidos, para as distintas áreas e o 5º curso de educación primaria, nos anexos I, II e III deste mesmo decreto. Os criterios de avaliación describen aquilo que se quere valorar e que o alumnado debe lograr, e especificanse a través dos estándares de aprendizaxe avaliáveis, que concretan o que o alumnado debe saber, comprender e saber facer dentro desta disciplina.

Avaliación da práctica docente e da programación

Un aspecto imprescindible será a avaliación dos procesos de ensino e da propia práctica docente. Para isto, ao pechar cada trimestre valorarei o seu desenvolvemento na aula, formulando propostas de mellora e, así mesmo, avaliarei a programación didáctica, para o que fixei uns indicadores de logro.

Programación Didáctica	Si
Consultei a programación ao longo do curso, anotando as modificacións?	
Para o seu desenvolvemento colaborei co profesorado que imparte clase no mesmo nivel?	
Ao programar tiven en conta as oportunidades que ofrece o contexto?	
Dei a coñecer ao alumnado e ás súas familias os elementos da programación (obxectivos, contidos, competencias, criterios de avaliación, estándares, criterios de promoción e cualificación, estratexias de avaliación...)?	
Recollín na miña programación as competencias fundamentais?	

CEIP PLURILINGÜE A. RODRÍGUEZ CADARSO
CURSO 2020-2021

Levei a cabo na aula todo o que tiña programado?	
Cumpriuse a temporalización das unidades e actividades fixadas?	
Tívoise en conta a participación das familias?	
Atención á diversidade	
Tiven en conta a diversidade á hora de programar?	
Tiven en conta a diversidade á hora de organizar a aula, crear os grupos...?	
Formulei exercicios de diferente nivel de consecución en cada unidade?	
Tiven en conta ao alumnado que se afasta da media por encima ou debaixo?	
Prestei a cada alumno/a as axudas ou apoios que precisou en cada momento?	
Metodoloxía e actividades de ensino e aprendizaxe	
Propuxen actividades que contribúisen a unha aprendizaxe autónoma (busca de información, investigacións, mapas conceptuais..?)	
Propuxen actividades diversas, amplas que incentivasen á reflexión?	
O alumnado foi o protagonista durante as actividades?	
Todas as actividades tiñan un obxectivo claro?	
As actividades favoreceron a comunicación e cooperación do alumnado?	
Realizáronse agrupamentos diversos (gran grupo, pequeno grupo, parellas e individual)?	
As actividades permitiron acadar a totalidade dos obxectivos propostos?	
Desenvolvéronse actividades integradas para contribuír á consecución das competencias clave?	
As actividades permitiron desenvolver a totalidade dos contidos?	
Abordáronse os diversos elementos transversais?	
Contribuíuse ao desenvolvemento dos programas educativos de centro?	
Contribuíuse ao tratamento interdisciplinario doutras áreas do currículo?	
Avaliación	
Definíronse correctamente os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliáveis?	

CEIP PLURILINGÜE A. RODRÍGUEZ CADARSO
CURSO 2020-2021

Deixei claro ao alumnado e ás familias cómo vou avaliar?	
Empreguei técnicas e instrumentos de avaliación diversos?	
Levei a cabo a avaliación nos distintos momentos do proceso educativo?	
Combinei a autoavaliación coa coavaliación e a heteroavaliación?	
Tiven en conta tanto o logro dos obxectivos correspondentes, como o nivel de adquisición das competencias?	
Levei a cabo unha autoavaliación ao final de cada unidade didáctica?	

14 .OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES E COMPETENCIAS CLAVE

CEIP PLURILINGÜE A. RODRÍGUEZ CADARSO
CURSO 2020-2021

AREAS

CIENCIAS DA NATUREZA				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
BLOQUE 1 - INICIACIÓN Á ACTIVIDADE CIENTÍFICA				
<input type="checkbox"/> b <input type="checkbox"/> e <input type="checkbox"/> h <input type="checkbox"/> i	<input type="checkbox"/> B1.1. Iniciación á actividade científica. <input type="checkbox"/> B1.2. Emprego de diferentes fontes de información. <input type="checkbox"/> B1.3. Lectura de textos propios da área. <input type="checkbox"/> B1.4. Utilización das tecnoloxías de información e comunicación para buscar e seleccionar información, simular procesos e comunicar conclusións sobre os traballos realizados. <input type="checkbox"/> B1.5. Uso progresivamente autónomo de tratamento de textos (axuste de páxina, inserción de ilustracións ou notas, imaxes etc.). <input type="checkbox"/> B1.6. Xestión de ficheiros. <input checked="" type="checkbox"/> B1.7. Aproximación experimental a cuestións científicas próximas á vida.	<input type="checkbox"/> B1.1. Obter información relevante sobre feitos ou fenómenos previamente delimitados, facer predicións sobre sucesos naturais, integrar datos de observación directa e indirecta a partir da consulta de fontes directas e indirectas e comunicando os resultados en diferentes soportes.	<input type="checkbox"/> CNB1.1.1. Busca, selecciona e organiza información concreta e relevante, analiza, obtén conclusións, elabora informes e comunica os resultados en diferentes formatos. <input type="checkbox"/> CNB1.1.2. Exprésase oralmente e por escrito, de forma clara e ordenada contidos relacionados coa área. <input type="checkbox"/> CNB1.1.3. Emprega de forma autónoma o tratamento de textos (axuste de páxina, inserción de ilustracións). <input type="checkbox"/> CNB1.1.4. Manexa estratexias axeitadas para acceder á información dos textos de diferentes formatos. <input type="checkbox"/> CNB1.1.5. Efectúa búsquedas guiadas de información na rede. <input type="checkbox"/> CNB1.1.6. Coñece e aplica estratexias de acceso e traballo na rede.	<input type="checkbox"/> CCL <input type="checkbox"/> CSIEE <input type="checkbox"/> CAA <input type="checkbox"/> CD <input type="checkbox"/> CMCCT <input type="checkbox"/> CCL <input type="checkbox"/> CMCCT <input type="checkbox"/> CCL <input type="checkbox"/> CSIEE <input type="checkbox"/> CMCCT <input type="checkbox"/> CD <input type="checkbox"/> CMCCT <input type="checkbox"/> CAA <input type="checkbox"/> CCL <input type="checkbox"/> CAA <input type="checkbox"/> CMCCT <input type="checkbox"/> CD <input type="checkbox"/> CAA <input type="checkbox"/> CMCCT <input type="checkbox"/> CD
<input type="checkbox"/> a <input type="checkbox"/> b <input type="checkbox"/> c <input type="checkbox"/> d <input type="checkbox"/> e <input type="checkbox"/> h <input type="checkbox"/> i	<input type="checkbox"/> B1.11. A relación cos demais. A resolución pacífica de conflitos. <input type="checkbox"/> B2.12. Toma de decisións: criterios e consecuencias. <input type="checkbox"/> B1.13. Desenvolvemento de hábitos de traballo, esforzo e responsabilidade. Técnicas de traballo. Recursos e técnicas de traballo individual. <input type="checkbox"/> B1.14. Hábitos de prevención de enfermidades.	<input type="checkbox"/> B1.2. Establecer conxecturas tanto respecto de sucesos que ocorren dunha forma natural como sobre os que ocorrendo se provocan a través dun experimento ou dunha acción. <input type="checkbox"/> B1.3. Traballar de forma cooperativa, apreciando o cuidado pola seguridade propia e a dos seus compañeiros/as, cuidando as ferramentas e facendo uso adecuados dos materiais.	<input type="checkbox"/> CNB1.2.1. Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións. <input type="checkbox"/> CNB1.3.1. Utiliza estratexias para realizar traballos de forma individual e en equipo, amosando habilidades para a resolución pacífica de conflitos. <input type="checkbox"/> CNB1.3.2. Coñece e emprega as normas de uso e de seguridade dos instrumentos, dos materiais de traballo e das ferramentas.	<input type="checkbox"/> CSIEE <input type="checkbox"/> CAA <input type="checkbox"/> CMCCT <input type="checkbox"/> CAA <input type="checkbox"/> CSC <input type="checkbox"/> CMCCT <input type="checkbox"/> CSIEE <input type="checkbox"/> CMCCT <input type="checkbox"/> CSC <input type="checkbox"/> CD

**CEIP PLURILINGÜE A. RODRÍGUEZ CADARSO
CURSO 2020-2021**

	<p>eaccidentes, naaulae no centro.</p> <p><input type="checkbox"/> B1.15. Emprego de diversos materiais, tendo en conta as normas de seguridade.</p>		<p><input type="checkbox"/> CNB1.3.3. Utiliza algúns recursos ao seu alcance proporcionados polas tecnoloxías da información para</p>	<p><input type="checkbox"/> CD</p> <p><input type="checkbox"/> CAA</p> <p><input type="checkbox"/> CMCCT</p>
<p><input type="checkbox"/> a</p> <p><input type="checkbox"/> b</p> <p><input type="checkbox"/> c</p> <p><input type="checkbox"/> e</p> <p><input type="checkbox"/> g</p> <p><input type="checkbox"/> h</p> <p><input type="checkbox"/> i</p>	<p><input type="checkbox"/> B1.18. Planificación e realización de proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións, formulando problemas, enunciando hipóteses, seleccionando material necesario, montando, realizando e extraendo conclusións e presentando informes en diferentes soportes.</p>	<p><input type="checkbox"/> B1.4. Realizar proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións e presentar informes coas conclusións en diferentes soportes.</p>	<p><input type="checkbox"/> CNB1.4.1. Realiza proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións formulando problemas, enunciando hipóteses, seleccionando material necesario, realizando, extraendo conclusións e comunicando os resultados.</p>	<p><input type="checkbox"/> CMCCT</p> <p><input type="checkbox"/> CCL</p> <p><input type="checkbox"/> CAA</p> <p><input type="checkbox"/> CSIEE</p>
			<p><input type="checkbox"/> CNB1.4.2. Presenta un informe, de forma oral ou escrita, empregando soportes variados, recollendo información de diferentes fontes (directas, libros, internet) e traballa de forma individual ou en</p>	<p><input type="checkbox"/> CMCCT</p> <p><input type="checkbox"/> CCL</p> <p><input type="checkbox"/> CSC</p> <p><input type="checkbox"/> CD</p> <p><input type="checkbox"/> CAA</p> <p><input type="checkbox"/> CSIEE</p>
BLOQUE 2.O SER HUMANO E A SAÚDE				
<p><input type="checkbox"/> e</p> <p><input type="checkbox"/> h</p>	<p>B2.1. As funcións vitais nos seres humanos: recoñecemento da nutrición como unha función vital para os seres humanos.</p> <p>B2.2. Identificación dos aparellos relacionados con ela (aparellos respiratorios, dixestivo, circulatorio e excretor).</p>	<p><input type="checkbox"/> B2.1. Identificar e localizar os principais órganos implicados na realización das funcións vitais do corpo humano, establecendo algunhas relacións fundamentais entre eles.</p>	<p><input type="checkbox"/> CNB2.1.1. Identificar e localizar os principais órganos implicados na realización das funcións</p>	<p><input type="checkbox"/> CMCCT</p>
			<p><input type="checkbox"/> CNB2.1.2. Identificar as principais características dos aparellos respiratorio, dixestivo, locomotor, circulatorio e excretor.</p>	<p><input type="checkbox"/> CMCCT</p>
	<p><input type="checkbox"/> B2.3. Recoñecemento das características básicas do sistema reprodutor humano e as diferenzas entre sexos. Funcionamento do sistema reprodutor.</p> <p><input type="checkbox"/> B2.4. Descrición dos sentidos e do sistema nervioso e valoración da súa importancia en relación co medio e co</p>			
<p><input type="checkbox"/> a</p> <p><input type="checkbox"/> b</p> <p><input type="checkbox"/> c</p> <p><input type="checkbox"/> d</p>	<p><input type="checkbox"/> B2.6. Saúde e enfermidade. Principais enfermidades que afectan aos aparellos e</p>	<p><input type="checkbox"/> B2.3. Relacionar determinadas prácticas de vida co adecuado funcionamento do corpo, adoptando estilos de vida</p>	<p><input type="checkbox"/> CNB2.3.1. Investiga sobre enfermidades relacionadas cunha alimentación inadecuada e presenta conclusións en diferentes contextos</p>	<p><input type="checkbox"/> CMCCT</p> <p><input type="checkbox"/> CSC</p>

CEIP PLURILINGÜE A. RODRÍGUEZ CADARSO
CURSO 2020-2021

<input type="checkbox"/> h <input type="checkbox"/> k <input type="checkbox"/> m	sistemas do organismo. <input type="checkbox"/> B2.7. Hábitos saudables para previr enfermidades. <input type="checkbox"/> B2.8. Trastornos alimenticios. <input type="checkbox"/> B2.9. Efectos nocivos do consumo de alcohol e drogas.	saudables, coñecendo as repercusións para a saúde do seu modo de vida.	<input type="checkbox"/> CNB2.3.2. Coñece os principios das dietas equilibradas, e elabora menús variados identificando as prácticas.	<input type="checkbox"/> CMCCT <input type="checkbox"/> CCL <input type="checkbox"/> CSC
BLOQUE 3. OS SERES VIVOS				
<input type="checkbox"/> e <input type="checkbox"/> h	<input type="checkbox"/> B3.1. Seres vivos e seres inertes. Diferenciación. <input type="checkbox"/> B3.2. Organización internados seres vivos e estrutura:	<input type="checkbox"/> B3.1. Coñecer a estrutura dos seres vivos: células, tecidos, tipos, órganos, aparellos e sistemas. Identificar as principais características e funcións.	<input type="checkbox"/> CNB3.1.1. Identificar e describir a estrutura dos seres vivos: células, tecidos, órganos, aparellos e sistemas, nomeando as principais características e funcións de cada un deles.	<input type="checkbox"/> CMCCT <input type="checkbox"/> CCL
<input type="checkbox"/> e <input type="checkbox"/> h <input type="checkbox"/> l	<input type="checkbox"/> B3.3. Os seres vivos: características, clasificación e tipos. <input type="checkbox"/> B3.4. Os animais vertebrados e invertebrados, características e clasificación. <input type="checkbox"/> B3.5. As plantas: a estrutura e fisioloxía. A fotosíntese.	<input type="checkbox"/> B3.2. Coñecer diferentes niveis de clasificación dos seres vivos, atendendo ás súas características e tipos.	<input type="checkbox"/> CNB3.2.1. Clasificar os seres vivos e nomear as principais características atendendo ao seu reino: Reino animal. Reino das plantas. Reino dos fungos e outros reinos empregando criterios científicos e medios.	<input type="checkbox"/> CMCT
